



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DÍA 9 DE XULLO DE 2026.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Beade, sendo as nove horas do día nove de xullo de dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnen-se en sesión pública os señores membros da Xunta de Goberno Local, que de seguido se citan, para celebrar sesión de carácter extraordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

D^a. GABRIELA PÉREZ COSTA.

D. JORGE ANTONIO GONZÁLEZ ALARCÓN.

Os presentes están asistidos polo Secretario- Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día, que resultan ser:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA CON DATA 25 DE XUÑO DE 2026.- Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, aproban a Acta da sesión do 25 de xuño de 2026.

2.- LICENCIAS DE OBRA.- Examinadas as peticións sobre licencias urbanísticas, por UNANIMIDADE, acórdase conceder licencias de execución de obras, salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, os seguintes señores, advirtíndolles que a mesma non producirá efectos sin o previo pago do Imposto liquidado por Intervención e, asimismo, que a licenza quedará sin efecto, de non cumprirse as condicións fixadas.

AUTORIZAR a D. JORGE ANTONIO GONZÁLEZ ALARCÓN, con domicilio en Rúa Cabo de Vila, 55 (Beade), salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, para que, en inmovible con ref. catastral 2067405NG7826N0001AR, e conforme á petición formulada, poda proceder a realizar obras de mellora da fachada frontal e lateral con lavado e pintado en cor branco, cambio de canalón, baixantes e remate de fiestras con pedra, e de acordo co Informe emitido polo Arquitecto Municipal. A presente licenza non terá validez de non acompañarse do xustificante de pago do Imposto de Construcións, cuxa liquidación ascende ao seguinte importe:

* 2% sobre presuposto de execución de 2.819,00 €..... 56,38 €.

3.- FESTAS LOCAIS 2027.- Dase conta da comunicación da Dirección Territorial de Ourense da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, onde se establece o calendario laboral para o ano 2027 da Comunidade Autónoma de Galicia, debendo este Concello establecer os días para Festas Locais, inhábiles, retribuídos e non recuperables.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, adoptan o seguinte acordo:

a) Establecer como días para festas locais do municipio de Beade para o ano 2027 o 2 de xullo, Santa Isabel, e o 16 de agosto, San Roque.

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a xuntanza, sendo as nove horas e quince minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.



O ALCALDE,

Asdo. Fernando Taboada Guntín.



O SECRETARIO,

Asdo. Pablo Fernández Loureiro